

Bases II Concurso de Debuxos

Asociación Amarai

A Asociación Amarai organiza o *II Concurso de Debuxos* polo Día Internacional das Persoas con Discapacidade. A temática dos debuxos será:

“Como sería para ti un mundo inclusivo?”

- Os debuxos poderanse elaborar coa técnica que cada quen prefira. Terá que ter un tamaño mínimo e máximo de 21x29'7cm. (Tamaño folio). Acéptase tanto sentido horizontal como vertical.
- Cada autor/a deberá adxuntar nun folio a parte a explicación do interpretado no debuxo, o nome, idade, lugar de residencia e un teléfono de contacto. No propio debuxo non aparecerá ningún nome/mote identificador do autor/a.
- Poderase entregar presencialmente no Centro de Recursos de Boimorto (de 10 a 17:30h) ou na Oficina de Arzúa (de 10 a 14h); por correo postal na dirección de *Lugar Cernadela, sn, Boimil, Boimorto, CP:15818*, ou foto do debuxo a través do email animacion@amarai.es
- Poderanse entregar ata o xoves 27 de novembro do 2025. As votacións comezarán dende o momento da publicación que será o venres 28 de novembro, ata o martes 2 de decembro ás 23:59h. O mércores 3, día propio das persoas con discapacidade, daranse a coñecer os/as gañadores/as. Terán un mes para recoller os premios no Centro de Recurso de Boimorto.
- O gañador será o debuxo con máis reaccións (gústame, divírteme, encántame, etc) na nosa páxina de Facebook [\(Amarai Asociación\)](#). En caso de empate serán os usuarios/as do Centro de Recursos os que escollan.

Haberá tres categorías:

- a. De 0 a 6 anos
 - b. De 7 a 12 anos
 - c. De 13 a 16 anos
-
- Todos os debuxos participantes serán expostos no Centro de Recursos sito en Boimorto. Os catro debuxos máis votados de cada categoría formarán parte do Calendario 2026 da Asociación Amarai. O debuxo máis votado de cada categoría gañará:
 - o Categoría a: Tarxeta regalo por valor de 50 euros a gastar no Corte Inglés.
 - o Categoría b: Tarxeta regalo por valor de 50 euros a gastar no Corte Inglés.
 - o Categoría c: Tarxeta regalo por valor de 50 euros a gastar no Corte Inglés.

**No caso de que unha categoría non teña un mínimo de 4 participantes para a elaboración do calendario, complementarase co debuxo doutra categoría segundo o número de reaccións.*
 - Para máis información chamar ao 663899428 ou escribir a animacion@amarai.es